

unicef 

para cada infancia



NESTAS ELECCIÓN GAÑA A INFANCIA

Un programa para nenos, nenas e adolescentes

UNICEF Comité Galicia



UN PROGRAMA PARA NENOS, NENAS E ADOLESCENTES

O ciclo político e lexislativo que se abre coas eleccións municipais de maio de 2023 representa unha oportunidade para situar á infancia e á adolescencia no centro das decisións. As entidades locais, como administracións máis próximas aos nenos, nenas e adolescentes,

teñen a responsabilidade de salvagardar os seus dereitos e de converter os seus espazos de convivencia e acceso a servizos en territorios protectores, que promovan e velen polo cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno.

Por que deben estar e ser tidos en conta os nenos, nenas e adolescentes nos programas electorais?

1. Porque son un 14.06 % da poboación de Galicia.

2. Porque, ademais de ser unha obriga derivada da Convención sobre os Dereitos do Neno, ter en conta aos nenos e nenas demostra unha visión a medio e longo prazo a nivel local e enlaza coas follas de ruta das que os países se dotaron a nivel internacional para facer fronte a desafíos globais, como a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible, a Nova Axenda Urbana ou a Garantía Infantil Europea.

3. Porque investir en infancia é unha opción economicamente rendible que reporta beneficios a toda a poboación: promove o desenvolvemento económico e social ao aumentar a produtividade, o crecemento económico e os niveis de cohesión social.

4. Porque poden ser máis vulnerables á pobreza, á violencia e á explotación.

5. Porque desenvolver a tempo as políticas e investimentos necesarios reduce posibles vulneracións dos seus dereitos, co consecuente aforro económico e social.

6. Porque son titulares de dereitos e o cumprimento dos mesmos implica a necesidade de mellorar leis e políticas públicas.

7. Porque teñen dereito a ser escoitados e a participar en todos os asuntos que lles afectan. A participación, ademais dun dereito, é un principio reitor da Convención sobre os Dereitos do Neno.

8. Por solidariedade interxeracional: porque os sistemas públicos de servizos e protección social baseados neste principio teñen que mirar tamén á infancia e ás familias con nenos e nenas por razóns de xustiza e sustentabilidade.



Desde UNICEF Comité Galicia, presentamos ás organizacións políticas que concorren ás eleccións municipais 12 propostas, agrupadas en 5 eixos estratéxicos, que esperamos sexan tidas en conta nos seus programas electorais. Consideramos cada unha delas prioritaria para mellorar a vida e o benestar dos nenos, nenas e adolescentes no

cumprimento dos seus dereitos no ámbito local. O contido destas propostas foi sometido a un **proceso de validación e participación co Grupo Asesor de UNICEF España**, composto por mozos e mozas de entre 12 e 20 anos. Deste xeito, o documento inclúe as súas voces, preocupacións e opinións para cada un dos eixos estratéxicos.

EIXOS ESTRATÉXICOS



CADA NENO, NENA E ADOLESCENTE É VALORADO, RESPECTADO E TRATADO XUSTAMENTE DENTRO DAS SÚAS COMUNIDADES



As cidades, as vilas, as súas rúas, barrios, prazas, parques, colexios... son os lugares físicos onde nenos, nenas e adolescentes medran, onde se relacionan, aprenden e exercen os seus dereitos. As contornas locais poden e deben ser espazos de oportunidade para todos eles e elas, evitando que se transformen en factores de desigualdade con efectos especialmente adversos entre a infancia e a adolescencia. A contorna local (o seu territorio, servizos, infraestruturas, etc.) e as experiencias que se viven nel son elementos determinantes no seu desenvolvemento e, por tanto, deben formularse tendo en conta as súas necesidades e dereitos.

As entidades locais deben poñer o foco nos colectivos en situación de vulnerabilidade, non só por unha cuestión de equidade e xustiza social, senón como estratexia fundamental de loita contra as desigualdades e a favor da cohesión da sociedade. Os investimentos realizados para romper as inequidades que afectan aos nenos, nenas e adolescentes son os que maior retorno presentan en termos de mellora dos indicadores de benestar.

As entidades locais deben poñer o foco nos colectivos en situación de vulnerabilidade, non só por unha cuestión de equidade e xustiza social, senón como estratexia fundamental de loita contra as desigualdades e a favor da cohesión da sociedade. Os investimentos realizados para romper as inequidades que afectan aos nenos, nenas e adolescentes son os que maior retorno presentan en termos de mellora dos indicadores de benestar.

PROPOSTAS

1 Para todas e todos, os mesmos dereitos. Emprender accións encamiñadas a facer das entidades locais espazos socialmente inclusivos, que permitan impulsar as capacidades de nenos, nenas e adolescentes, que loiten contra a discriminación -xa sexa esta social, económica ou de xénero- e que lles ofrezan unha oportunidade para alcanzar todo o seu potencial, con independencia da súa idade, sexo, capacidades físicas ou mentais, orixe ou procedencia, ou situación económica, entre outros.

É necesario concretar as discriminacións ás que estamos expostos os nenos e nenas.

Grupo Asesor UNICEF España

2 Igualdade de dereitos entre nenos e nenas. Incrementar os recursos que desenvolvan programas de sensibilización, detección, prevención e atención contra a desigualdade de xénero, e establecer instrumentos que incrementen a atención que reciben nenos, nenas e adolescentes que viven en situacións de violencia de xénero no ámbito familiar, escolar e social.

A desigualdade de xénero transcende a familia, tamén ocorre no ámbito educativo e social dos nenos e nenas.

Grupo Asesor UNICEF España

3 A infancia en movemento. Proporcionar e fortalecer mecanismos de resposta, atención, protección e inclusión da infancia en movemento, infancia e adolescencia refuxiada e vítimas de trata, de modo que se vele sempre polo seu interese superior en coordinación con outros actores, e garantindo o acceso das familias a servizos esenciais a través de medidas como o acceso a un empadramento libre de obstáculos.

Promover programas de sensibilización/concienciación á sociedade local para informar sobre a situación de nenos e nenas migrantes / refuxiados, para que empaticen coas súas vidas e facilitar a súa acollida.

Grupo Asesor UNICEF España

AS VOCES, NECESIDADES E PRIORIDADES DE CADA NENO, NENA E ADOLESCENTE TÉÑENSE EN CONTA EN TODAS AS DECISIONS QUE LLES AFECTAN



As entidades locais, como a administración máis próxima á cidadanía, son o primeiro elo da organización política do Estado que coñecen nenos, nenas e adolescentes. Delas esperan unha resposta para as súas demandas e preocupacións, desde as normativas, políticas públicas e orzamentos.

Nos últimos anos experimentouse un aumento progresivo dos espazos de participación infantil e adolescente a nivel estatal e autonómico, pero especialmente no ámbito local. A Iniciativa **Cidades Amigas da Infancia** impulsou que 342 entidades locais españolas contén con órganos de participación infantil no seu ámbito competencial. Estes espazos de participación configúranse como unha das ferramentas a través das cales as entidades locais garanten o dereito, recoñecido pola Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas, a que a infancia sexa escoitada e que a súa opinión sexa debidamente tida en conta. A participación infantil non é só un dereito, senón que, ademais, é un dos principios reitores da Convención, de maneira que todos os dereitos nela recoñecidos deben interpretarse á luz do dereito á participación da infancia.

A participación infantil no ámbito local debe ir moito máis alá de ter unha opinión, e debe incluír o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a estar informados, involucrados e ter influencia sobre decisións e asuntos que afectan á súa vida, como cidadáns e cidadás de pleno dereito que son. A participación é un factor fundamental de desenvolvemento dos nenos e nenas e promove habilidades de protección, autonomía, resiliencia e comunicación, ademais de fomentar o pensamento crítico, a creatividade ou valores como o compromiso e a responsabilidade. A participación infantil tamén é un mecanismo de gobernanza e capacidade democrática permitindo que nenos e nenas e adolescentes experimenten un rol activo e útil nas súas comunidades e se recoñezan como actores sociais de cambio. Así mesmo, involucralos na toma de decisións é unha condición necesaria para incorporar adecuadamente a perspectiva de dereitos da infancia nas institucións, así como un paso ineludible para avanzar na consideración e mirada social fronte a este colectivo. Fomentando a participación infantil no ámbito local non só conseguimos promover un dereito fundamental dos nenos, nenas e adolescentes, senón construír sociedades máis xustas e igualitarias presentes e futuras.

PROPOSTAS

4 **Escoitando aos nenos e ás nenas.** Incorporar a participación infantil e adolescente con carácter estratéxico na elaboración, seguimento e avaliación das políticas locais de infancia e adolescencia, impulsando a creación de órganos estables, dotados de recursos e con carácter sostible que canalicen a participación dos nenos, nenas e adolescentes. Favorecer a coordinación con todas as estruturas locais, respectando a independencia destes espazos e asegurando mecanismos de rendición de contas entre nenos, nenas e adolescentes e o goberno local.

Queremos espazos de participación de calidade onde a infancia e a adolescencia se sinta escoitada de verdade.

Non se trata de crear órganos de participación porque si, senón asegurar que funcionan e que se manteñen.

Grupo Asesor UNICEF España

TODOS OS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES TEÑEN ACCESO A SERVIZOS ESENCIAIS DE CALIDADE



En Galicia o 31.7% (120.166) dos nenos e nenas viven en risco de pobreza e exclusión social (Taxa AROPE ECV 2021 INE). Esta cifra atópase algo máis dun

punto por baixo do dato estatal (33%), e supón un aumento de 7.5 puntos respecto a 2019 no nivel autonómico, aínda que se aprecia unha lixeira melloría con respecto ao ano anterior. Existe unha asociación entre pobreza e benestar, desenvolvemento cognitivo e nivel educativo dos nenos e nenas, que afectan as súas condicións de vida e pobreza na etapa adulta

Este escenario non afecta de igual maneira a todos os nenos, nenas e ás súas familias, porque a probabilidade de sufrir pobreza severa ou acharse en risco de exclusión social vén determinada polo contexto socioeconómico, laboral ou xeográfico no que se atopan. Sabemos, ademais, que o risco de sufrir pobreza ou exclusión relaciónase directamente co lugar onde viven nenos e nenas, co seu barrio, co espazo urbano ou rural que os rodea e as posibilidades de acceso a servizos esenciais de calidade. Tendo isto en conta, é fundamental a intervención e coordinación de todas as administracións, a fin de tomar medidas correctoras que xeren cohesión social e económica entre a cidadanía, en especial os nenos e as nenas.

Os hábitos de vida dos nenos, nenas e adolescentes están en boa medida determinados pola contorna e os servizos aos que teñen acceso. As entidades locais xogan un rol chave na configura-

ción de espazos e a dotación de servizos que fomenten a vida activa na infancia, a alimentación saudable, a saúde física, a educación de calidade, o deporte, o xogo e o lecer.

Con todo, facilitar servizos que fomenten a saúde física da infancia non é suficiente desde unha concepción integral da saúde. Se algo puxo de manifesto a pandemia da COVID-19 é a necesidade de reforzar os servizos de saúde mental e emocional. Neste sentido, as entidades locais deben apostar por un labor preventivo, que axude á infancia e a adolescencia para dispoñer das ferramentas necesarias para o seu benestar emocional e que aposte pola posta en marcha de accións que eviten condutas especialmente nocivas para nenos, nenas e adolescentes, como o acoso escolar, o ciberacoso e outras formas de violencia.

Non debemos esquecer, ademais, que os espazos relacionais da infancia e a adolescencia superan o mundo analóxico e teñen unha translación directa na contorna dixital. De novo, a pandemia da COVID-19 puxo de manifesto a fenda dixital e as dificultades de acceso de moitas familias, nenos, nenas e adolescentes ás ferramentas tecnolóxicas que podían facilitar a continuidade do seu dereito á educación e da súa capacidade de relación entre iguais. Con todo, este acceso a canles e dispositivos dixitais debe ir acompañado dun labor de formación e sensibilización sobre o uso adecuado e seguro das tecnoloxías, como estratexia chave para reducir a exposición a potenciais riscos asociados ás mesmas.

PROPOSTAS **5** **6** **7** **8** na páxina seguinte >>>



PROPOSTAS

5 Combater a pobreza desde o ámbito local. Contar con medidas e recursos especificamente dirixidos á poboación infantil e adolescente no ámbito local, cun enfoque preventivo e universal no deseño das prestacións e servizos sociais para combater a pobreza infantil, e no marco das prioridades da Garantía Infantil Europea e do plan de acción de estado: outorgar axudas económicas ás familias con nenos, nenas ou adolescentes a cargo, de maneira áxil e planificada, en situación máis vulnerable; favorecer o dereito a unha vivenda digna e ao mantemento das subministracións esenciais no fogar desde o ámbito local.

6 Educación para toda a infancia. Deseñar políticas de reforzo educativo desde o local que garantan o acceso equitativo e efectivo a unha educación de calidade a través de bolsas e programas de apoio, especialmente para os nenos e nenas en situación de vulnerabilidade, que favorezan a igualdade de oportunidades e a inclusión. Garantir o acceso equitativo a actividades socioeducativas, culturais e de lecer.

Reforzar con recursos para que os nenos e nenas que o necesiten conten con apoio escolar.

Ofrecer información, alternativas e cursos de orientación aos mozos e mozas que non queren ir á universidade: "Canta máis información teñamos mellor poderemos elixir."

Grupo Asesor UNICEF España

7 Bo uso da contorna dixital. Asegurar o acceso e bo uso de todos os nenos, nenas e adolescentes ás tecnoloxías, incorporando as medidas necesarias que lles permitan gozar de todos os dereitos na contorna dixital.

Dotar aos centros educativos con máis equipamento tecnolóxico que poida ser usado polos alumnos e alumnas, e asegurar a conectividade para todos os nenos e nenas do municipio.

Mellora da calidade das tecnoloxías e loitar contra a fenda dixital, que se puxo en evidencia durante o confinamento.

Grupo Asesor UNICEF España

8 Comprometidos coa saúde. Promover mecanismos integrais de prevención en materia de saúde, física e mental na infancia e a adolescencia destinados a mellorar o benestar físico e emocional e a promover hábitos de vida saudable.

Hai que promover o xogo e o deporte na rúa e romper co "quedar na casa para xogar a videoxogos".

Visibilizar a saúde mental: segue sendo un tabú, necesitamos romper estigmas.

Promover dietas saudables.

Sobre os trastornos de conduta alimentaria: realizar campañas e programas para concienciar e informar da diversidade de corpos e establecer medidas de prevención a estes trastornos.

Grupo Asesor UNICEF España

TODOS OS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES VIVEN EN CONTORNAS SEGURAS E LIMPAS



A infancia e adolescencia deben medrar en espazos físicos e relacionais que protexan a súa saúde, promovan o seu desenvolvemento pleno e salvagarden a súa integridade física e emocional.

Segundo se recolle na Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e a Adolescencia fronte á Violencia (LOPIVI) no seu art 3.m “Entenderase como contorna segura aquela que respecte os dereitos da infancia e promova un ambiente protector físico, psicolóxico e social, incluída a contorna dixital”. E un espazo protector require, ademais, que os nenos, nenas e adolescentes poidan pedir axuda cando a necesitan, así como contar con persoas adultas máis conscientes e responsables dos riscos.

Así mesmo, a configuración dos espazos locais ten un papel fundamental no benestar da infancia. As entidades locais deben promover políticas de ordenación da contorna local que melloren a calidade

ambiental, o metabolismo urbano e os espazos que usan nenos, nenas e adolescentes, para que estes, ademais, se adecuen ás súas necesidades de xogo, mobilidade, participación social, etc., e efectivamente sexan “contornas protectoras”.

Os nenos, nenas e adolescentes son especialmente vulnerables aos efectos do cambio climático e a contaminación atmosférica. O cambio climático impacta na súa saúde e aféctalles máis que a outras franxas da poboación.

Débense desenvolver medidas que teñen que ver coa xestión adecuada dos impactos do cambio climático na súa saúde, educación, benestar e alimentación, axustadas ás características económicas, sociais, xeográficas, ambientais, políticas e culturais, co obxectivo de aumentar a resiliencia da sociedade e, en especial, dos nenos, nenas e adolescentes fronte ás repercusións presentes e futuras.

PROPOSTAS **9** **10** na páxina seguinte >>>



PROPOSTAS

9 Protección da infancia ante todo tipo de violencia. Poñer en marcha os mecanismos e medidas para a creación de contornas protectoras, dotando dos recursos e capacidades suficientes para garantir, desde un enfoque preventivo, e en coordinación cos distintos ámbitos, a protección de nenos, nenas e adolescentes ante situacións de risco e violencia, no marco das competencias establecidas na Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia (LOPVI).

10 Contornas seguras e sostibles. Favorecer desde as políticas locais, o dereito da infancia e a adolescencia para gozar dun medioambiente limpo e saudable, a través de actuacións que promovan unha transformación urbana con enfoque de infancia para a mellora da calidade ambiental (contaminación do aire, o ruído, efecto illa de calor, etc.), do metabolismo urbano (os desprazamentos, redes de auga, enerxía, saneamento, etc.) a calidade dos espazos sociais (espazos públicos, equipamentos, vivenda, lugares de traballo, etc.) e o dereito para gozar do lecer e cultura responsable, a través da promoción de contornas seguras alcanzables e accesibles.


Hai que redeseñar as rúas para que as persoas teñan máis espazo: beirarrúas máis anchas, máis árbores, máis bancos, máis bicicletas e menos coches. Rúas máis sostibles.

Máis e mellor transporte público, que utilice enerxías limpas e sostibles e que sexa máis barato para que todas as persoas poidan utilizalo.

Hai que facer que todos os nenos e nenas poidan gozar de espazos verdes e que poidan visitar paraxes naturais pois é moi importante para a súa saúde.

Concienciar aos adultos sobre o coidado do medioambiente e a reciclaxe. Os rapaces e rapazas estamos sensibilizados nas escolas, pero os adultos non.

Grupo Asesor UNICEF España



COMPROMISO COS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES A NIVEL GLOBAL E MECANISMOS DE GOBERNANZA DA POLÍTICA LOCAL DE INFANCIA.




Situar á infancia e adolescencia no centro das políticas locais debe ser unha prioridade, como tamén o debe ser a defensa e promoción dos dereitos da infancia no marco da Axuda Oficial ao Desenvolvemento aumentando os seus recursos e fortalecendo o compromiso local coa Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN) e a Axenda 2030.

A Axenda de Desenvolvemento Sostible 2030, baixo a consigna de non deixar a ninguén atrás, recoñece o dobre reto de garantir a equidade e a sustentabilidade, e constitúe un instrumento esencial para fortalecer o compromiso co desenvolvemento e protección de todos os nenos e nenas.

Apostar por unha cooperación ao desenvolvemento que poña o foco na atención á infancia e adolescencia, é agora máis necesario que nunca. Numerosas crises recentes, e máis concretamente a ocasionada pola COVID-19, provocaron que as necesidades máis básicas dos nenos e nenas de todo o mundo aumentasen dunha maneira alarmante. Unha política de apoio á infancia e adolescencia no marco dos instrumentos de cooperación internacional debería ser unha prioridade no ámbito local.

Para que as administracións locais poidan seguir avanzando no cumprimento da Convención sobre os Dereitos do Neno é necesario incorporar o enfoque de dereitos en toda a súa acción política. As decisións adoptadas polas administracións teñen, dunha ou outra maneira, impacto nos nenos, nenas e adolescentes. Por esta razón, resulta imprescindible que a infancia e a adolescencia deixen de ser un asunto sectorial, soamente competencia dalgúns áreas e departamentos, e pasen a ser unha política deseñada, implementada e avaliada de maneira transversal e integral, situando aos nenos, nenas e adolescentes no centro da axenda política e social e implicando para iso a todos os actores locais.

Para que esta gobernanza amiga da infancia siga dando cumprimento ás obrigas das institucións locais para coa Convención sobre os Dereitos do Neno é necesario coñecer cal é a realidade da infancia e a adolescencia en cada momento para, así, deseñar, implementar e avaliar unha estratexia propia con enfoque de dereitos, orientada a resultados e dotada dos recursos necesarios para facela efectiva.



PROPOSTAS


11 Cooperación Local para a Infancia. Fomentar a acción local comprometida cos dereitos da infancia no mundo e o desenvolvemento sostible, dotando de recursos dirixidos á cooperación internacional descentralizada.

12 Gobernanza Amiga da Infancia. Establecer unha estratexia a longo prazo para conseguir transformacións na calidade de vida e o benestar da infancia. Para iso é necesario xerar ferramentas de planificación con enfoque de dereitos, que á súa vez veñan acompañadas de mecanismos de análise orzamentaria en clave de infancia e de coordinación interdepartamental, que incorporen a recollida de datos, a planificación, o seguimento -mediante un sistema de indicadores-, o orzamento para a súa implementación e a avaliación do impacto sobre o benestar da infancia e a adolescencia.

As estratexias locais de infancia deben contar coa voz dos nenos, nenas e adolescentes.

Que os consellos locais de infancia teñan conexión e ligazón cos consellos de participación que se fomenten a nivel autonómico.

Grupo Asesor UNICEF España



TEN EN CONTA...

Ademais de incluír as nosas 12 propostas, revisa a través destas preguntas o teu programa electoral

INCLUSIÓN DOS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES

■ Ocupa a infancia e a adolescencia un nivel relevante no programa electoral? Aparecen os nenos, nenas e adolescentes e os seus dereitos especificamente mencionados na introdución do programa ou no resumo executivo?

■ Dedícase á infancia e á adolescencia un apartado do programa? Están reflectidas no índice do programa as propostas dirixidas á infancia polo menos ao mesmo nivel doutras políticas que afectan amplos grupos ou sectores da sociedade, como as políticas de xénero ou de maiores?

■ Están visibles os nenos, nenas e adolescentes como cidadanía de pleno dereito en políticas clave que lles afectan (Educación, protección social, protección xurídica)? Están presentes como nenos, nenas e adolescentes ademais de como fillos/as, alumnado, usuarios/as, persoas menores de idade, beneficiarios/as...?

■ Están visibles noutras políticas xerais/transversais (urbanismo, igualdade, mocidade, cultura, servizos sociais, cooperación ao desenvolvemento, migracións, emprego, etc...)? Son tidos en conta á hora de deseñar medidas en políticas que non son específicas para eles, pero que teñen impacto na súa vida, nas súas familias e na súa contorna?

ENFOQUE DE DEREITOS E MARCO DE POLÍTICAS

■ Está a infancia no programa electoral contemplada de acordo co enfoque da Convención sobre os Dereitos do Neno, a Axenda de Desenvolvemento Sostible 2030 e outras referencias básicas? Contemplan os programas os acordos do Pacto Autonómico pola Infancia, así como as prioridades da Garantía Infantil Europea e a Nova Axenda Urbana?

■ As medidas propostas son relevantes para o benestar infantil? Nas medidas, abórdase a visión desde a infancia e o seu efecto no benestar e os dereitos nos nenos nenas e adolescentes?

■ Acompáñanse dunha estimación de orzamento/investimento necesario as medidas que o precisen? Hai estimacións e compromisos sobre o investimento público necesario para implementar as medidas e sobre o impacto das mesmas e as metas que se queren alcanzar?

PARTICIPACIÓN INFANTIL

■ O contido do programa promove a creación de espazos de participación infantil no ámbito local? Na elaboración do programa, participaron directamente nenos e nenas? ou, polo menos, tivéronse en conta as súas opinións recollidas noutras fontes (organizacións de infancia, enquisas, encontros infantís, consellos municipais de infancia, etc.)?

■ Hai unha versión do programa ou das medidas específicas de infancia adaptada aos nenos e nenas? Poderían entender as propostas e as consecuencias sobre eles?

EQUIDADE

■ Mírase con especial atención aos nenos, nenas e adolescentes en situación máis vulnerable, como nenos e nenas e adolescentes en risco de exclusión social, con discapacidade, migrantes e refuxiados, no sistema de protección...? Hai medidas específicas para eles e elas?

